

Mesa sectorial do 3 de xuño de 2025

PACTO DE CONTRATACIÓN

O SERGAS ratificou na mesa sectorial a proposta de aplicar a excepcionalidade recollida no pacto de selección temporal, eliminando o requisito de 1 ano de servizos prestados como persoal fixo para o acceso á promoción interna temporal nas categorías deficitarias (enfermeiro/a, matró/a e enfermeiro/a especialista).

CIG-Saúde solicitamos que a eliminación do requisito de 1 ano se aplicara xa a todas as categorías. Consideramos unha oportunidade perdida que o SERGAS se negue a incorporar xa esta medida coa que estamos de acordo tanto as OOSs coma a Administración, retrasando a súa implantación á negociación do novo pacto de selección temporal.

OPE DIETISTAS-NUTRICIONISTAS

O SERGAS informa de que proximamente remitirannos unha proposta de temario para a futura convocatoria de OPE.

Informan que teñen previsto incluír as prazas na Oferta de emprego público do ano 2025 e que a convocatoria do concurso-oposición terá lugar antes de que remate o ano 2026.

CONCURSO DE TRASLADOS ABERTO E PERMANENTE

So se trata o cadro de prazas a ofertar no CTAP para o ano 2025 nas categorías de Médico/a de familia e FEAP. O resto de categorías iranse tratando segundo vaian resolvéndose as OPES de estabilización.

CIG-Saúde denunciemos que as Xerencias están utilizando o CTAP para realizar reestruturacións das prazas sen negociarlas coas xuntas de persoal/comisións de centro, negándose de forma sistemática a facilitar información, cambiando as quendas das prazas, e fusionando prazas de varios centros.

CIG-Saúde denunciemos a reconversión de prazas de médicos/as de familia en prazas de FEAP que se está producindo neste momento, sobre todo nalgúns xerencias. Para CIG isto é significativo e indicativo de un cambio de modelo na atención primaria por parte da Consellería, e deixamos clara a nosa posición en contra da categoría de FEAP, tal e como vimos facendo dende que se creou a categoría.

CIG-Saúde insistimos na nosa solicitude de eliminación do requisito de 1 ano para poder participar no CTAP e tamén que as prazas a ofertar sexan as prazas vacantes a 31 de decembro estean ocupadas ou non con persoal interino.



CREACIÓN DA CATEGORÍA DE PERSOAL INVESTIGADOR ESTATUTARIO

CIG-Saúde reiteramos a nosa solicitude de crear as categorías A2 e C1 de persoal investigador, que xa existen e que van consolidar a praza fixa na OPE de estabilización. O SERGAS négase.

CIG-Saúde solicitamos que os dous tipos de persoal investigador recollidos no Decreto tiveran as mesmas retribucións que o persoal FEA. O SERGAS négase.

CIG-Saúde solicitamos que pago do CPV (obxectivos) tivera efectos do 1 de xaneiro do 2026, e non do 2027. O SERGAS négase.

O SERGAS recolleu diversas das alegacións presentadas por CIG-Saúde. Quedaron en enviar un novo documento coas incorporacións. Posteriormente iniciárase o trámite parlamentar para a súa aprobación.

OUTROS TEMAS

CIG-Saúde preguntamos polo **concurso específico de enfermaría familiar e comunitaria**. O SERGAS informou de que previsiblemente farán unha proposta no mes de xullo.

CIG-Saúde preguntamos pola aplicación da sentenza do Tribunal Supremo sobre as **vacacións cotizadas e non desfrutadas en relación aos trienios**.

- O SERGAS confirma que xa se emiten os certificados de Servizos previos incorporando os días de vacacións cotizadas e non desfrutadas.
- O SERGAS confirma que non poderán recoñecer de oficio ao persoal fixo os trienios incorporando estes días, ata despois do verán.

CIG-Saúde solicitamos que dende o SERGAS emitan unha instrución ás xerencias indicando que teñen que realizar os **cómputos de xornada** a todo o persoal.

- Denunciamos que as xerencias néganse a realizar cómputos de xornada ao persoal con quenda fixa de mañá ou de tarde, que non recoñecen a xornada anual de 1533 horas anuais para este persoal, e que non recoñecen os excesos de xornada que estas persoas poidan ter.

